

LIDER A

REVISTA DE OPORTUNIDADES DE EMPREGO E
EMPRENDIMENTO XOVE TRANSFRONTERIZO



SEGUNDA EDICIÓN
DO CURSO DE
AXENTES DE
COOPERACIÓN

COOPERACIÓN
GALICIA - NORTE DE
PORTUGAL

Nº4 - Xuño 2018

 **Interreg**
España - Portugal
LIDER A
Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Fundo Europeu de Desenvolvemento Regional



Xuño 2018

Nº4

- 3** Os alumnos da 2º edición do Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza presentaron as súas accións de visibilidade
- 5** Acción de visibilidade do Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza: A saia da Carolina
- 6** Acción de visibilidade do Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza: Uma Fotografía, Um Sentimento
- 7** Acción de visibilidade do Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza: Guía Práctica de Irmandamentos Transfronteirizos para Centros de Educación Primaria e Secundaria
- 8** Acción de visibilidade do Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza: Literaturas Irmás
- 9** Acción de visibilidade:
‘Cociñando cogumelos transfronteirizos’

- 10** Acción de visibilidade:
‘Falsos amigos’
- 11** Acción de visibilidade:
Un arquitecto portugués na Galiza
- 12** Acción de visibilidade:
‘Cooperação Transfronteiriça’
- 13** Clausura da segunda edición
do Curso de Axentes de
Cooperación Transfronteiriza

Os alumnos da 2º edición do Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza presentaron as súas accións de visibilidade



Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2018. A Fundación Galicia Europa organizou no marco do proxecto LIDERA, financiado polo programa Interreg V A España-Portugal 2014-2020 (POCTEP), a segunda edición do Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza, que ten como obxectivo dar a coñecer aos seus participantes as distintas alternativas de programas que existen na Unión Europea para financiar proxectos de cooperación transfronteiriza, e as claves sobre

como redactar unha candidatura para presentarse aos mesmos.

Os alumnos do curso, como parte do programa, realizaron diferentes accións de visibilidade para dar a coñecer a zona fronteiriza de Galicia e Norte de Portugal.

Entre as mesmas podemos atopar o libro de cociña “Cociñando cogumelos transfronteirizos”, un compendio de receitas elaboradas con cogomelos da zona ou “Un arquitecto portugués na Galiza”,


que a través de diferentes acuarelas dá difusión á obra do arquitecto portugués Álvaro Siza, que destacou a “histórica amizade” entre Galicia e Portugal.

Tamén nos podemos atopar con “Uma Fotografía, Um Sentimento”, que busca dar visibilidade á Eurociudad Valença-Tui a través das redes sociais ou con “A saia dá Carolina”, na que unha cantante galega e outra portuguesa cantan a emblemática canción nas súas dúas versións, portuguesa e galega.

Contouse tamén cunha acción que consistiu na elaboración dunha audio guía para o tren turístico que existe en Monção e Salvaterra, e con outra que resultou nun xogo de memoria de falsos amigos das linguas española, galega e portuguesa.

Outra das participantes elaborou unha guía de irmadamentos para centros de educación primaria e secundaria, co fin de darré difusión a esta figura entre institucións educativas; dous deles publicaron artigos relacionados coa cooperación transfronteiriza, e unha realizou un vídeo poñéndoa en valor.

Tamén se impartiu unha charla relacionada con cooperación, turismo e economía colaborativa na Escola Superior de Ciências Empresariais de Valença do Minho.



Acción de visibilidade do Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza: A saia da Carolina



Seguro que todos sabedes como seguen estes versos: “A saia de Carolina/ ten una lagarto pintado”. Pero sabiades que en Portugal teñen unha versión distinta da mesma canción? Coa súa acción de visibilidade, Esperanza Mara Filgueira Rama demostra que a cultura, e en particular a música, é un vehículo de unión e cooperación que non entende de fronteiras.

Esperanza Mara, de Noia, ponlle voz á versión galega de “A saia da Carolina”, mentres que a versión lusa corre por conta de Sónia Manuela Machado, de Monção. Esperamos que desfrutedes da música, as voces e a simboloxía neste marabilla de vídeo no cal a montaxe audiovisual se realizou en cooperación con Alba V. Burke.

Pode acceder ao vídeo completo na seguinte ligazón:

<https://www.youtube.com/watch?v=UTqlpacrzPI&t=9s>

Acción de visibilidade do Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza: Uma Fotografía, Um Sentimento



En 2017, Salvador Sobral namorou a toda Europa co seu “Amar pelos dois”. Un ano máis tarde, o seu compatriota Narciso Serra namorounos a todos coa súa acción de visibilidade “Uma Fotografía, Um Sentimento”. Utilizando os hashtags #eurocidadevalencatui e #eurocidadeduasirmas, animou a tudenses e valençanos a partillar nas redes sociais fotos e textos sobre a Eurocidade Valença-Tui. Así demostrou que a Eurocidade, ademais dunha estrutura administrativa, é tamén un sentimento para todos aqueles que a viven e aman. En verbas de Narciso: “Por estas Terras me fiz gente, não há forma de explicar, ser raiano é diferente, é outra forma de amar.”

Acción de visibilidade do Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza: Guía Práctica de Irmandamentos Transfronteirizos para Centros de Educación Primaria e Secundaria



HERMÁNATE!

**Guía Práctica de Hermanamientos Transfronterizos para
Centros de Educación Primaria y Secundaria**

Programa Europa con los Ciudadanos

Co fin de difundir a figura do irmamento de cidades entre centros educativos, María Morgade Cortés levou a cabo unha guía práctica destinada a estes, na que se poñen de relevo as vantaxes de realizar irmamentos entre colexios e institutos localizados na zona fronteiriza de Galicia e Norte de Portugal, e as posibilidades que existen para financiar actividades e eventos no marco dos mesmos a través do programa de financiamento europeo Europa cos Cidadáns, para o que a guía inclúe un resumo paso a paso de como presentar unha candidatura.

Acción de visibilidade do Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza: Literaturas Irmás

Instagram | Entrar

R. Buscar



literaturas_irmas Seguir

5 publicaciones 42 seguidores 34 seguidos

Literaturas Irmás-Irmãs é unha plataforma para compartir e ser ponte da literatura ós dous lados do Miño ☺











Tania Lago Míguez desenvolveu un proxecto de colaboración entre bibliotecas de Galicia e Norte de Portugal co fin de darlle difusión ás súas respectivas literaturas e chegar ao máximo número de lectores. Para conseguir o devandito obxectivo elaborou un modelo de cartel no cal as bibliotecas poden escribir as súas recomendacións, as cales se expoñerán nas do outro lado da fronteira. Para darlle unha maior visibilidade ao proxecto, Tania creou un perfil na rede social instagram baixo o nome @literaturasirmas no que comparte tamén recomendacións literarias galegas e portuguesas.

Acción de visibilidade: ‘Cociñando cogumelos transfronteirizos’



Curso de Agentes
de Cooperación
Transfronteriza



Cociñando cogumelos transfronteirizos

A cooperación transfronteiriza non só se ve ou se sente, senón que tamén se saborea. Así o demostrou, María Cabaleiro Alfaya, unha das participantes do curso Axentes de Cooperación Transfronteiriza que a Fundación Galicia Europa organizou no marco do proxecto LIDERÁ. A súa acción de visibilidade só se pode calificar de deliciosa.

“Cociñando cogumelos transfronteirizos” é un libro de cociña que emprega coma ingredientes principais champiñóns, cantarelos, boletus e moitos outros cogumelos de Galicia e o Norte de Portugal.

Entre as receitas poderedes atopar entrantes coma “croquetas de trompeta-dos-mortos”, pratos principais coma “níscalos con coello de monte”, sobremesas coma “tarta de ándoas” e bebidas coma o “licor de cantarelos”. Todo un festín para os sentidos que nos recorda que poucas cousas transcendan as fronteiras coma o amor pola comida.

Acción de visibilidade do Curso de Axentes de Coperación Transfronteiriza: falsos amigos

Lingua próximas

=

👍 comprensión

👍 aprendizaxe

👎 falsos amigos



Os alumnos do Curso de Axentes de Cooperación Transfronteriza, organizado pola Fundación Galicia Europa no marco do proxecto Lidera, tiveron que diseñar una acción de difusión para explicar á cidadanía en qué consiste a cooperación transfronteiriza. Este xogo pretende achegarnos ás diferencias lingüísticas que se poden atopar en territorios veciños.

Claudia Iglesias Arriaran, unha das participantes, quixo transmitir coa súa acción de visibilidade as diferenzas que existen entre as linguas da zona fronteiriza de Galicia e Norte de Portugal, co obxectivo de reducir as posibles dificultades de comprensión que poidan existir entre as mesmas.

Desta forma, e coa figura dos “falsos amigos” como protagonista, elaborou un xogo que combinando azar e memoria pretende dar a coñecer aos seus xogadores as diferenzas de significado que existen entre vocábulos homónimos do español, galego e portugués.

Acción de visibilidade: Un arquitecto portugués na Galiza



Cando o arquitecto portugués Álvaro Siza recibiu en 2010 o Premio Luso-Español de Arte e Cultura, destacou a “amizade histórica” entre España e Portugal. Como en calquera amizade, ben sabe Siza que obras son amores, xa que na súa traxectoria artística podemos atopar moita obra construída en Galicia.

Alberto Escobar Rivas, participante do Curso de Axentes de Cooperación Transfronteriza, organizado pola Fundación Galicia Europa no marco do proxecto Lidera, armado con acuarelas e word, pretende coa súa acción de visibilidade “Un arquitecto portugués na Galiza” contribuír á difusión da obra de Siza.

Entre os edificios destacados están o Centro Calego de Arte Contemporánea e a Facultade de Ciencias da Comunicación en Santiago de Compostela. Tamén se destaca a faceta de urbanista de Siza incluíndo a remodelación do tramo Recoletos-Prado en Madrid. Á fin e ao cabo, que a rúa más española da cidade más española sexa obra dun portugués é todo un símbolo da cooperación transfronteiriza.

Acción de visibilidade: ‘Cooperação Transfronteiriça’

COOPERAÇÃO TRANSFRONTEIRIÇA COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA

O premio Nobel de literatura José Saramago sempre foi partidario dunha federación entre Portugal e España, unidos baixo o nome de “Iberia”. Actualmente, entre todos os nomes implicados na cooperación transfronteiriza, a relación entre Galicia e o Norte de Portugal é un referente en toda Europa.

Neste vídeo bilingüe portugués-castelán, a gondomarense Carla Silva, unha das participantes do curso Axentes de Cooperación Transfronteiriza que a Fundación Galicia Europa organizou no marco do proxecto LIDERÁ, preséntanos os principais resultados da cooperación entre países: o benestar, a evolución e o crecemento.

O vídeo móstranos mesmo que mediante a comunicación, a análise e o traballo conxunto podemos alcanzar metas comúns a Portugal e España. A cooperación transfronteiriza álzase, en definitiva, coma un ensaio sobre a lucidez que aspira a iluminar calquera ensaio sobre a cegueira.

<https://www.youtube.com/watch?v=KPsnM4m-TaM&feature=youtu.be>

Clausura da segunda edición do Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza



Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2018. A Escola Superior de Ciencias Empresariais de Valença do Minho acolleu o acto de clausura do Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza, organizado pola Fundación Galicia Europa no marco do proxecto LIDERÁ.

Durante o acto de clausura, os alumnos do curso presentaron os coñecementos adquiridos na materia de preparación e presentación de proxectos europeos. Así, deron visibilidade aos proxectos que prepararon, cos seus respectivos formularios de solicitude, no marco de diferentes programas, como Erasmus, Europa cos Cidadáns, POCTEP ou Europa Creativa.

Ademais, os participantes da anterior edición do curso, celebrado entre outubro e novembro do 2017, presentaron a "Asociación de Axentes de Cooperación Transfronteriza - EU COOPERO", que se constituiu coma resultado do mesmo coa finalidade de potenciar as relacións entre os dous países.

O acto, ao que asistiron representantes de institucións portuguesas e galegas e do sector da consultoría de proxectos europeos, finalizou coa entrega de diplomas e cun coworking entre os participantes.

Ao mesmo acudiron diferentes representantes de entidades e empresas galegas e portuguesas, como a Cámara Municipal de Valença do Minho, o Concello das Neves, a Câmara Municipal de Monção, a Agrupación Europea de Cooperación Transfronteriza (AECT) Galicia-Norte de Portugal, o Instituto Português do Desporto e Juventude (IPDJ), a xefatura territorial da Consellería de Política Social de Ourense (Xunta de Galicia), a Federación Nacional de Asociacións Xuvenís de Portugal (FNAJ), a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, a Comunidade Intermunicipal do AVE, a Escola Superior de Ciências Empresariais de Valença do Minho e empresas como Around Europe Advisors, Salvaturismo ou GeoAtributo.

actividades impulsadas por LIDERA están orientadas a loitar contra o desemprego xuvenil, a fuga de talento e a proporcionar as ferramentas necesarias para que este colectivo sexa o motor de pulo económico destas rexións.

LIDERA

O Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza é unha actividade do proxecto LIDERA, enmarcado no programa Interreg V-A España-Portugal 2014-2020 (POCTEP).

Co obxectivo de promover o desenvolvemento económico transfronteirizo en Galicia e a Rexión Norte de Portugal a través do fomento das capacidades laborais e de emprendemento dos mozos, as